



A FORZA das IDEAS

Unha EU
para a unidade popular

**XII Asemblea Nacional
de Esquerda Unida**

WWW.ESQUERDAUNIDA.ORG

TESE 1. DIAGNOSE

A CRISE CONTINÚA. A RESPOSTA ORGANIZADA SEGUE SEN CHEGAR

Cando celebrabamos a anterior Asemblea Nacional establecíamos unha clara diagnose do contexto político e das condicionantes económicas, políticas e sociais que requerían dunha resposta organizada ás agresións á clase traballadora e ás capas populares de Galicia. A crise que galopaba sen control dende o 2008, xurdida do escenario central do capitalismo global que é EEUU, convertérase nunha enfermidade cronicada na nosa sociedade con especial incidencia sobre o mercado laboral e sobre os servizos públicos esenciais. Unha crise que en Galicia é especialmente dramática; un país en destrución, no que o exilio económico forma parte da normalidade, convertido nun auténtico deserto industrial e no que os sectores produtivos están sendo esmagados pola inacción consciente da Xunta de Galicia.

Anticipabamos a urxencia e as condicións materiais para a construción dunha resposta organizada que a esquerda estaba cernes de artellar en Galicia, en España, en Europa e tamén en Latinoamérica. Un escenario no que a unidade popular consolidaba proxectos esperanzadores e con posibilidades reais de construír gobernos alternativos aos que viñan sucedéndose dende a fin da II Guerra Mundial e da chamada Transición en España. O tempo ten posto moitos claroscuros nesta esperanza, as graves contradicións dos proxectos de Syriza en Grecia, dos espazos de confluencia construídos con moito esforzo por todas e todos nós, arrojan a necesidade dunha nova dialéctica na praxe política da esquerda alternativa.

O conflito capital-traballo que nunca deixou de ser central na nosa sociedade é agora fenómeno indispensable para explicar a nosa coxuntura mesmo para as e os que antes negaban esta realidade e priorizaban outras. A crudeza da crise capitalista e a súa reacción ante a perda de credibilidade do sistema obrigan a recoñecer a vixencia da loita polo socialismo e a súa resposta organizada.

A lóxica vixente e aparente baseada en "a máis mercado, máis calidade de vida" quebrou, polo que agora o mercado albíscase xa como fonte de miseria e precaridade, dirixido unicamente ao enriquecemento das elites nun modelo económico que David Harvey denominou "acumulación por desposesión".

Pero o conflito de clase vai máis alá do conflito capital-traballo superando o concepto do traballo remunerado para excluír a parte que afecta ao traballo dos coidados (traballo non remunerado e feminizado). Por iso, é preciso facer fincapé no que atinxe ao conflito capital-vida que xa recollía o documento da XI asemblea nacional cando dicía que "é preciso visibilizar (...) o conflito capital/vida, redefinindo, con perspectiva de xénero e con perspectiva social". A construción do capitalismo sobre os eixos da desigualdade, e de xeito clave sobre a desigualdade de xénero é o pilar fundamental sobre o que se sustenta o propio sistema.

A fenda salarial que existe entre homes e mulleres manifesta esta necesidade de manter e reforzar un sistema capitalista patriarcal e androcéntrico ante a posibilidade de avanzar cara a consecución de dereitos que permitan a igualdade real e ás persoas vivir con liberdade.

O modelo de crecemento da economía europea, española e galega baseada no endebedamento e o modelo laboral ultraprecarizado non ten sostén social. Non é que a centralidade do conflito capital-traballo resida só no aumento brutal de desempregadas e desempregados senón que a

participación dos salarios na renda ten alcanzado niveis mínimos históricos, evidenciando que a clase obreira que conserva emprego con salarios dignos e regulados está desaparecendo e increméntase o sector de empregados e empregadas con salarios de miseria: os coñecidos como traballadores e traballadoras pobres .

As decisións dos sucesivos gobernos de Feijóo provocaron un empobrecemento xeralizado da sociedade galega: 702.000 persoas, un 15% de traballadoras e traballadores en situación de pobreza, un 25,7%, en situación de risco de pobreza no 2015, cun incremento perigoso nas franxas máis mozas da poboación e por vez primeira detectándose un incremento nas persoas maiores de 65 anos. Debido a isto, loxicamente, Galicia segue sendo un país que expulsa o seu futuro cara a outras latitudes do Estado e de Europa.

Non hai que esquecer que temos chegado aos límites que a natureza impón ao desenvolvemento capitalista (crecemento económico baseado na produción de bens materiais). A limitación de recursos e o dano medioambiental, limitan o beneficio, que se pretende seguir obtendo a costa dos traballadores. Para isto necesariamente deben manter o poder político real. Este fenómeno non se da soamente no noso país. Por esta razón debemos enmarcar a crise neste marco xeral.

No referente á situación do Movemento estudantil galego, observamos como as vellas dinámicas do mesmo, asociadas á cultura política do nacionalismo e baseadas en principios de referencialidade e tacticismo, comezaron a mudar tras a irrupción da consigna da Unidade Popular. Se ben é verdade que, unha parte dos axentes que compoñen o movemento estudantil, xa concibe a súa táctica circunscrita a este principio de unidade -o que tamén permitiu que este fora experimentando certos avances en materia sindical. Entendemos que os espazos unitarios, tamén no estudantil, son os espazos idóneos onde traballar, por medio do microsindicalismo, o conflito que xorde a partir das precarias condicións materiais das estudantes. Por isto, cómpre dar a entender que a necesidade de apostar pola unidade ten que vir dada por esta convicción e non por obxectivos corporativistas, puidendo traballar en espazos aglutinadores os conflitos estudantís a partir do sindicalismo.

Por outra banda a alternativa ó capitalismo se constrúe tamén na loita feminista, baseada na consecución da igualdade de xénero, para rematar con tódalas formas de violencia coas que este sistema capitalista, patriarcal e androcéntrico, ataca e mercantiliza a vida e os corpos das mulleres, temos que erradicar das nosas vidas o machismo e as violencias estruturais, os maltratos, os asasinatos, o tráfico de mulleres e menores, a prostitución, os ventres de alugueiro, a feminización da pobreza, a invisibilidade dos traballadoras non remuneradas, a fenda salarial,..., isto é, temos que avanzar cara a consecución dunha sociedade na que tódalas persoas compartamos dereitos e liberdades, unha igualdade real que a todas nos permita unha vida digna e plena.

Cómpre non desatender a realidade da poboación migrante no noso país, que agarda por políticas inclusivas que permitan a súa saída das marxes da sociedade en que sobreviven debido a normas que lexislan en contra das persoas. Esquerda Unida debe estar sempre na rúa e nas institucións defendendo os seus dereitos humanos e os seus dereitos de cidadanía: os controis e redadas racistas, as expulsións arbitrarias, os voos de deportación, as restricións no acceso aos servizos públicos, e un longo etcétera confirman que debemos mudar esta realidade de exclusións.

É, polo tanto, unha realidade que esta crise ten realizado graves transformacións na estrutura de clase do noso país, pero tamén o é que o réxime tenta levar adiante un evidente proceso de restauración oligárquica que temos teorizado nos nosos documentos e no noso discurso político nestes anos. Afirmamos xa antes do proceso as eleccións municipais que “viviamos nun excepcional período histórico caracterizado pola quebra do réxime derivado da Transición, nunha crise económica que puxo de manifesto a existencia dunha crise de carácter estrutural que se reflectía en todos os eidos: económico, político, democrático, institucional, cultural e medioambiental.”

Esta crise, que calificamos de estrutural, tería aberto unha profunda fenda no predominio social e electoral do bipartidismo, parte substancial do corpus ideolóxico do réxime, construído para servir ás elites económicas e financeiras que dirixen o que chamamos “Ibex 35”. Estas elites buscan desesperadamente manter este status, feito que explica a deriva do PSOE e as presións para evitar un goberno alternativo da esquerda e priorizar a abstención ante o goberno do PP.

É importante entender o carácter estrutural da actual crise, que conleva tamén unha crise da superestrutura política e institucional herdeira do post-franquismo e un fin de ciclo do capitalismo español resultante da Transición. Con ese obxectivo iniciaron a chamada Segunda Transición, que responde ao intento de salvar a “Segunda Restauración borbónica” a través dun gran pacto de Estado. A súa pretensión é impor unha orde ultraneoliberal baseada na exclusión social e a democracia limitada (a Lei Mordaza, o intento de reforma exprés do Código Penal, as condenas masivas a sindicalistas ou a activistas nas redes sociais son exemplos disto). Por iso, teñen comezado na práctica un proceso que dimos en chamar deconstituínte, convertindo en papel mollado a Constitución e establecendo un debate falso sobre a reforma constitucional e o artellamento territorial do Estado.

É certo que posiblemente en boa medida as dificultades de artellamento para impulsar procesos de unidade popular, con acertos pero con erros tácticos evidentes, xunto á capacidade política do sistema de rexenerarse, e mesmo a política do medo ao cambio que sempre actúa, teñan configurado un retroceso na necesaria saída social á crise. Falabamos fai pouco de peche de ciclo. Pero seguiremos considerando que para conquistar este fin sigue sendo imperante a conformación dun bloque social e político de carácter alternativo que avance cara un proceso constituínte profundo, que incorpore un cambio de réxime en torno a unha alternativa anticapitalista, federal e republicana. Un bloque social e político que vai máis aló dos aspectos puramente electorais, que inclúe partidos, movementos sociais, colectivos organizados e aquelas persoas da maioría social que sofren os recortes e as políticas de axuste. Especialmente cando a alternativa electoral non consolida avances substanciais.

É de suma importancia aprender dos erros dos procesos de AGE, En Marea, Unidos Podemos, mareas municipalistas ou mesmo das estratexias internas de EU en canto a artellar unha alternativa estritamente electoral sen ser capaces, por acción ou bloqueo interesado, de acadar unha necesaria proxección social, máis aló dos eidos electoral e parlamentario (independentemente da extensa actividade política e social dos deputados/as).

Porque é certo que se pechou un ciclo político que culminou coa repetición das eleccións xerais e a celebración das eleccións autonómicas en setembro, onde as opcións de goberno alternativo quedaron minadas por diversas razóns tanto endóxenas como esóxenas aos procesos de confluencia.

Dende o externo, a nivel estatal, é evidente que os poderes económicos que dirixiron de facto as negociacións para a conformación do Goberno central, impediron un goberno baseado nun programa para atender a emerxencia social do noso País.

Un PSOE incapaz de asumir un programa dirixido contra as políticas de austeridade, as privatizacións e desfiscalizacións defendidas pola Troika impediu calquera posibilidade de artellar unha economía ao servizo das persoas. Bloqueabase así a urxente renegociación da débeda e do déficit público, unha política tributaria xusta que garanta os ingresos do Estado, a imprescindible derogación das últimas reformas laborais (PP/PSOE) e da última das reformas de pensións, a eliminación da privatizadora Lei 15/97 e o RD 16/2012 do apartheid sanitario, a derogación da LOMCE, da Lei mordaza, do artigo 315.3 do código penal e un longo etcétera que , o PSOE dende o primeiro momento declinou, priorizando o acordo con Ciudadanos.

No interno a nivel galego, queda patente que os erros de configuración dun espazo de confluencia, sometido a un incesante debate interno de elaboración de listas, marca, etc... reforzaron o fastío electoral que alimentou unha maioría electoral do PP impensable a finais de 2015, cando a alternativa de En Marea configurábase coma decisiva.

Os procesos previos ás eleccións galegas, foron sen dúbida un laboratorio de erros. Erros que non podemos voltar a repetir independentemente da boa vontade dos suxeitos participantes. É certo que en procesos como Mareas en Común tentouse reunir os requisitos para manter a confluencia camiño ás eleccións autonómicas; Non se trataba dunha proposta cupular, atopábase partillada dende abaixo, aberta a todas as mareas municipalistas, permitindo a presenza dos partidos políticos e continuando nun programa baseado na emerxencia social como o que plasmou AGE e En Marea no 2015, para a maioría social e non dirixido cara á reformulación do nacionalismo. De ter sido en conta o seu proceso integrador no artellamento de En Marea, seguro tería xerado dinámicas moi positivas para o proceso electoral.

A pesar dos ciclos electorais recentes, xurden escenarios terribles en Europa e no mundo onde o fascismo e a xenofobia aumentan ao tempo que asistimos a unha nova fase de ofensiva imperialista en países como Siria, Venezuela, etc... A pulsión social de que o capitalismo non é reformable, faise cada día máis evidente para amplas capas populares. Por primeira vez o pensamento neoliberal é cuestionado maioritariamente pola cidadanía que, a pesar de isto, espera unha alternativa política coherente, cun programa concreto e de ruptura que faga realidade as propostas de cambio.

As eleccións francesas ensinan moi ben que se non existe unha esquerda forte e cohesionada como contrapunto ideolóxico, o sistema capitalista non dubidará en ofrecer nos procesos electorais as dúas facianas que mellor lle conveñen e que mellor o alimentan: a faciana do centrodereita e a da ultradereita.

TESE 2. OBXECTIVOS POLÍTICOS E INSTRUMENTOS

Tras esta diagnose política que vimos de debullar, semellan evidentes os principais problemas do noso pobo: incremento da pobreza e da exclusión social, desemprego e precariedade laboral, retrocesos no recoñecemento de dereitos fundamentais , ataque oligárquico ós servizos públicos,

perda de soberanía, ausencia de democracia e participación reais... Desertización do rural, expulsión de milleiros de persoas dos procesos democráticos de participación e toma de decisións, empobrecemento xeral, incremento da violencia como mecanismo de resolución de conflitos, xenofobia, racismo e aporofobia, crecentes e constantes manifestacións dun machismo asasino e da desigualdade que cronifica unha situación inxusta para as mulleres con respecto aos homes.

Con este panorama resulta unha evidencia que os obxectivos que Esquerda Unida debe marcarse non son outros que os de pular para formar parte dun cambio real en Galicia a nivel político e social que traballe activamente para mudar as condicións materiais da clase traballadora e que supoña unha parte de este proceso democratizador e constituínte do conxunto de España.

Ao igual que dende o municipalismo debe contribuírse de forma chave á remuda a nivel galego, nós debemos contribuír a construír o bloque alternativo tamén no Estado.

Son obxectivos que precisan de adicación, pedagogía e organización. As estratexias que Esquerda Unida debe poñer en marcha para acadalos son múltiples.

Reflectímonos nas teses aprobadas na última Asemblea Federal de Izquierda Unida en canto á burocratización sufrida pola nosa organización, polo que precisamos retomar a construción de redes co tecido social e mesmo tratar de impulsalas e reforzalas naqueles lugares onde sexan mais febles.

Así que a propia adaptación do noso instrumento, Esquerda Unida, será unha estratexia a nivel organizativo para cumprir con tal acometido.

Dende a executiva nacional ata as asembleas locais a responsabilidade de participación nos movementos sociais, plataformas, etc así coma a responsabilidade de participación nas candidaturas municipais deben ter especial preponderancia.

A nosa organización debe ser quen de levar adiante a súa esencia e ser de verdade un movemento político e social para sermos decisivos e hexemónicos na conformación ideolóxica e programática, achegando traballo e propostas de acción que sirvan para avanzar no proceso da unidade popular.

Non poderíamos chegar co noso discurso se o noso pobo non nos entendese, se nos quedásemos obsoletas e obsoletos ou se non fósemos quen de que ese discurso chegase ata a derradeira agrupación de Esquerda Unida.

Debemos reforzar e mellorar polo tanto a comunicación externa e interna, así coma a nosa formación política, fomentando actos, debates e participación da militancia e simpaticizantes.

En último lugar cabe destacar coma prioritaria a estratexia de construción de unidade popular que veremos polo miúdo máis adiante.

Neste punto coma xa dixemos sendo importante o relativo ao conflito e participación social, tamén o é o propio traballo de confluencia, de tecer redes e debater con outras organizacións políticas a todos os niveis.

Realizar o máximo esforzo unitario para conquistar outro modelo de saída da crise, é non só unha esixencia política, senón tamén unha esixencia cívica, democrática e incluso moral no noso proxecto de movemento social e político; conquistar acordos e construír alianzas co tecido social levarase a cabo coa nosa participación activa nas mobilizacións, coa búsqueda da coincidencia co tecido asociativo e co movemento cidadá, co contacto e coordinación con asociacións e entidades sociais (plataformas pola defensa da sanidade, do ensino,..., mareas violeta, laranxa,..., stop desafiuzamentos, foro galego da inmigración, coordinadora galega de ong para o desenvolvemento, rede galega contra a pobreza, fundación secretariado xitano, SOGAPS, asociacións de persoas presas, ...).

Trátase de avanzar o construído nos diferentes procesos durante os últimos catro anos, mellorar e corrixir as súas eivas e ensanchalo na medida do posible á participación da cidadanía e a de todos os axentes políticos e sociais necesarios para artellar un espazo capaz de ser hexemónico.

Este compendio de estratexias que encamiñamos cos obxectivos que definimos inicialmente deben poñerse en práctica mediante as tácticas que Esquerda Unida deseñe colectivamente.

Un traballo que de seguro nos fortalece coma organización pero tamén debe servir como asento das bases de consolidación dese espazo rupturista capaz de mudar o sistema .

TESE 3. UNIDADE POPULAR

A historia da esquerda está chea de múltiples intentos de achegamentos políticos, pero tamén de rupturas e fraccións. A necesidade de chegar a acordos para enfrontar ao inimigo común faise imprescindible nun sistema capitalista onde as minorías, a esquerda e por suposto as forzas que nos definimos anticapitalistas ficamos subordinadas ao poder do propio sistema.

Izquierda Unida naceu á calor desas reflexións e o fixo non só coma unha agrupación de diferentes partidos en pos de obxectivos comúns, se non que o fixo coma instrumento de participación de colectivos e de movementos sociais. Un movemento político e social.

Se ben é certo que o comportamento da nosa organización política foi mudando máis cara a correspondente a un partido clásico, facendo que co tempo a propia IU buscase a confluencia e o encontro fora da organización con movementos sociais e outras organizacións políticas.

Concluimos dende entón que a unión fai a forza, mais, ¿que entendemos por unidade popular? Debemos evitar a perversión do termo. A unidade popular non é simplemente unha confluencia electoral. A unidade popular tampouco é a resulta da suma de organizacións que acoden a unha mobilización.

A unidade popular é a suma de moitas de esas cousas, unha estratexia de construción de aquilo que IU chamou bloque social e político, a sinerxia de forzas no electoral, nas folgas, nas mobilizacións sociais, contra os desafiuzamentos...

Aínda que certamente empregamos grande parte das nosas forzas na confluencia dos múltiples procesos electorais, non debemos esquecer que o proceso de ruptura nunca se producirá só dende as institucións.

Precísase unha retroalimentación entre o traballo que fan as compañeiras e compañeiros nos grupos municipais, en gobernos ou nos parlamentos e o activismo nas rúas e a participación nas experiencias confluentes

Nese senso, Esquerda Unida debe mellorar e organizar a súa presenza na mobilización social e nos movementos de acervo común coma poden ser as Marchas da Dignidade, a Plataforma Feminista, SOS Sanidade Pública... Ao tempo que mantén a súa colaboración e profundiza na implicación cos sindicatos de clase pero tamén a súa participación nos espazos de confluencia coma as Mareas municipais. As compañeiras e compañeiros que son agora cargos públicos non deben permanecer en soidade.

Esta inxente tarefa só se pode facer fornecendo a organización e distribuíndo o traballo dende unha premisa básica: Unha Esquerda Unida mais forte e organizada poderá participar e impulsar procesos de confluencia cunha perpestiva histórica coherente. Unha Esquerda Unida debilitada, que ignore un programa transformador e centrada únicamente en conquistas electorais, deixaría de ser unha ferramenta para o cambio e polo tanto, facilmente asimilable polos estandares capitalistas.

Todos estes obxectivos evidencian unha necesidade básica que entronca cos contidos da nosa proposta organizativa: Esquerda Unida precisa reforzarse e crecer. Precisamos mellorar a participación da nosa militancia, estimulala e propiciar o seu crecemento. Só así afrontaremos de xeito capaz o complexo traballo na confluencia social e electoral dos anos vindeiros.

Ese esforzo vigorizante é imprescindible para a tarefa seguinte: xerar marcos de participación, espazos comúns que retomen o camiño extraviado na confluencia e cuxo obxectivo sexa retomar ao tempo o debate político, o debate das ideas. O proceso de construción da Esquerda Unida do futuro debe ser colectivo, participativo e coherente en todos os seus estadios e esa será tamén a nosa aportación nos espazos de traballo conxunto onde colaboremos.

Ao tempo que ese crecemento debe amparar a nosa participación nos procesos municipalistas nos que nos embarcamos en 2015 para servir de sostén ás nosas compañeiras e compañeiros insertos neles e nos movementos e colectivos sociais.

Precisamos pois reforzarnos para distribuír tarefas. Combateremos así o cansazo e facilitaremos a formación de cadros políticos, contribuíndo á súa vez a fornecer co noso traballo en todas as fronteas ao propio fornecemento da unidade popular.

Sentímonos reflectidas e reflectidos nos documentos de IU Federal no relativo á confluencia, mais Galicia mantén unhas particularidades que deben ser valoradas no seo da nosa federación.

Na XI Asemblea de Esquerda Unida palpitaba o proxecto recente de Alternativa Galega de Esquerda, que entendiamos por aquel entón coma o comezo dunha realidade de dinámicas unitarias e plurais . Coma un proxecto prometedor se eramos quen de afianzalo e consolidalo fóra das institucións. Entendéndoo coma un proxecto en construción. Dende entón Esquerda Unida

estivo presente en todos e cada un dos procesos de confluencia, con altura de miras e responsabilidade.

Esquerda Unida ten analizado ao longo dos últimos tempos os erros e os acertos de todo o proceso de confluencia. Tócanos polo tanto agora sopesar a situación actual de En Marea e definir que camiño queremos tomar.

O funcionamento do espazo de confluencia mudou substantivamente nos últimos tempos, parecéndose cada vez menos ao traballo nucleado en torno ás Mareas en Común.

Dende o verán correu o risco de perder a súa horizontalidade e o seu compoñente rupturista. Aspectos postos de manifesto dende o propio discurso de campaña ata a loita polo control do poder do propio instrumento, que fica moi lonxe dos elementos participativos iniciais e moi preto dunha estrutura vertical, con un discurso en moitas ocasións propio do nacionalismo conservador que ás mulleres e homes de Esquerda Unida nos é alleo.

A falta de debate interno, sen embargo, queda invisibilizado pola falta de base de En Marea. A día de hoxe, En Marea compórtase de forma cupular. Unha aposta por un espazo democrático non basta con que teña unha correlación de forzas equitativa para as organizacións presentes, senón que debe permitir e respectar a participación activa da base, organizada ou non. A maiores, EM non está ligada aos diferentes conflitos ao longo do París máis que na transmisión das súas problemáticas á Xunta. Un proceso aglutinador como o que se pretende debe ser capaz de superar estas tarefas asistencialistas mediante a participación activa dos axentes do conflito no espazo.

Fai falla debate político, imprescindible se de verdade existise a vontade de construír unha organización ou casa común. Este feito leva non en poucas ocasións ao erro de adoptar posicionamentos diferentes ou contradictorios cos que defendemos en outros espazos ou cos que xa traballou AGE no seu momento.

Por outra banda, sobre todo nos últimos meses, estase dando un devir interno no que as organizacións e espazos políticos que pulamos dende o inicio para o artellamento de En Marea e defendimos a fraternidade e democracia interna na toma de decisións, somos as que ficamos máis excluídas do propio proceso.

A confluencia e moito menos a unidade popular, non poden construírse en espazos exclusivos, onde actores políticos relevantes queden marxinados, onde unha minoría decida por todas e todos, onde non exista transparencia na toma de decisións ou onde os acordos acadados podan ser desprezados.

É doado entender que non está en cuestión a necesidade da confluencia en sí, se non este camiño tomado, do que se conclúe a necesidade de retomalo para corrixir os elementos antes sinalados.

Esquerda Unida debe non só atender aos elementos internos que antes definimos relativos ao noso fornecemento e ao incremento da nosa participación no conflito, con sindicatos e movementos sociais, se non tamén retomar os lazos de cooperación e fraternidade.

É imprescindible que nos meses e anos vindeiros, sexamos quen de participar en todos os debates políticos no marco das forzas rupturistas, da esquerda, e procesos municipalistas. Pero tamén, debemos ser proactivas e proactivos tecendo pontes con eses actores.

Precisamos mudar a correlación de forzas na construción do suxeito político común, independentemente do seu nome e definición administrativa. Non debemos voltar cair no estéril debate de formulacións xurídicas.

O obxectivo é outro. Recuperar o debate de ideas e propostas políticas, nun marco fraterno de respecto dos principios ideolóxicos das organizacións e movementos na construción do paraugas de contidos común que de resposta real ás necesidades das clases populares que definimos nas teses anteriores.

Sería pretencioso adiantar xa cai vai ser o camiño que alcance En Marea, pero dende a lealdade que o conxunto de Esquerda Unida sempre mantivo con todos os procesos nos que participamos, debemos advertir que a súa estrutura non pode ser un fin en sí mesmo e non é dende logo, o noso obxectivo coma organización.

Sen poder adiantar cal vai ser o resultado de todo este, pola variabilidade que xa coñecemos en todo o proceso, debemos ter claro que o traballo que temos por diante no relativo á confluencia política voltará ser complexo, máxime nos lugares onde non se acadaron espazos unitarios. Isto requirirá das mulleres e homes de Esquerda Unida, máis análise político e máis traballo para afrontar os posibles problemas e solucións que deberemos adoptar de xeito conxunto.

Baixo a nosa concepción da Unidade Popular, a construción dunha unidade real pasa polo fortalecemento do conflito e a recuperación da mobilización. Os espazos de UP sen a presenza de conflitos só teñen unha utilidade electoral e, polo tanto, levan implícita esa visión de que a loita institucional é suficiente para xerar un cambio social.

É por iso que EU debe marcarse como obxectivo o fortalecemento dos conflitos obreiros, veciñais e estudantís coa finalidade de que sexan axentes fortes e presentes nos espazos de UP. Esta é unha das cuestións claves á hora de tentar xerar espazos superadores das experiencias de AGE ou En Marea, dotando de base ao espazo en cuestión e aportando unha perspectiva de ruptura xerada dende o conflito e non dende as institucións.

A presenza de EU e a súa participación en En Marea vai por descontado debido á lealdade co proceso e ás compañeiras elixidas nas eleccións. Sen embargo, dada a falta de base no espazo, a prioridade dun espazo de ruptura como EU debe ser achegarse ás bases e empoderalas, non perderse na loita de poder dentro dun espazo cunha correlación de forzas desigual e onde os movementos tacticistas están á orde do día.

Tócanos traballar ao conxunto da organización para que a confluencia volte ser espazo de lealdade e voz dunha opción popular, de clase, no marco da acumulación de forzas constituíntes no conxunto de España. Pero tamén que esa converxencia sexa só un chanzo, unha pata, un elemento da unidade popular real. A confluencia, nunca pode ser un sinal de esmorecemento, senón un espazo máis de intervención política dende a óptica da unidade de acción da esquerda transformadora.

TESE 4. ESTRUCTURA E ELEMENTOS ORGANIZATIVOS

Dende as súas orixes situamos a EU non como un partido clásico senón como un movemento político e social da esquerda do país. Mais coma xa dixemos, nunca fomos capaces de consolidar esa teorización, e especialmente despois dos resultados electorais, convertíase no mantra refuxio das necesidades urxentes da nosa organización. Artellamos polo tanto un espazo político entre os anhelos de converterse en espazo diferente, acomodo dos movementos sociais organizados e a realidade de ser unha organización coas mesmas carencias internas dos partidos tradicionais.

Configuramos o mapa teórico central das áreas de elaboración colectiva como ferramenta para conquistar ese movemento político e social. Mesmo nos momentos iniciais da propia IU foron ferramentas indispensables para a construción da proposta programática. Centos de movementos sociais e organizacións aportaron propostas, reflexións e ideas que converteron ao programa de IU e de EU en Galicia nunha proposta referencial da esquerda organizada de Europa: 35 horas, Non a Maastrich, loita contra o sistema bancario privado nas caixas de aforros, proposta federal territorial baseada no dereito de autodeterminación, etc... A partir da III asemblea de IU e do ano 95 en Galicia foi evidente que as orientacións de cara a ser un partido clásico, mesmo muleta circunstancial do PSOE, fixéronse demasiado decisivas.

As disfuncións entre ser un partido clásico ou movemento político social son agora máis agudas, ao participar a nosa organización en espazos máis amplos, ás veces tamén con marchamo partidario, dentro das diferentes confluencias municipais e parlamentarias nas que temos posto o mellor da nosa organización. Militar en EU e militar nos espazos de confluencia xera cansazo e ás veces desafección militante polos procesos. Unha tarefa urxente da nova dirección de EU é organizar de xeito racional á afiliación e a súa participación política para evitar a dispersión orgánica e o desánimo militante.

A nosa aposta polos espazos amplos de confluencia que fomentan recoñecer pluralidades, e polo tanto partidos organizados con propostas políticas e programáticas diferentes, é coñecida por toda a nosa base social; pero en ocasións a participación en espazos de confluencia que non queren recoñecer esa realidade, está xerando problemas políticos. Dende a firmeza da aposta de que EU non vai disolverse en ningún espazo partidario que sae deste documento e desta asemblea nacional tamén temos que dar coas teclas que permitan á militancia activa do noso corpus afiliativo participar nos espazos de confluencia sen tensións. É evidente que as recentes derivas do suxeito En Marea, capitaneadas por aquelas persoas que queren liquidar aos partidos existentes para crear o seu partido propio non axuda, pero a nosa militancia ten bagaxe e experiencia para poñer a proposta política por enriba do oportunismo que disfrazado de cidadanía pretende titularizar o proceso de converxencia en Galicia.

Na anterior asemblea Nacional de Esquerda Unida, celebrada en 2013, puxemos enriba da mesa algunhas tarefas urxentes para a nosa organización:

- Cambiar profundamente a nosa organización
- Dotarnos dunha organización con regras claras que no ámbito interno sexan transparentes e iguais para todos e todas.
- Superar e o funcionamento e a estrutura de partido político, e avanzar cara un Movemento Político e Social.

- As decisións teñen que fluír dende abaixo cara arriba, respectando a pluralidade, a democracia interna e favorecendo a horizontalidade en todos os órganos políticos a todos os niveis territoriais.
- Seguir no camiño aberto polo proceso de refundación da esquerda, abrindo a organización e ampliando o tecido social.

Estas tarefas, sen embargo seguen a constituírse como os grandes retos políticos e organizativos da nosa Esquerda Unida para esta nova etapa.

A aparición en 2014 de espazos como Podemos, que recollía gran parte desa arela de movemento político e social no organizativo, logo na práctica coas mesmas eivas que o noso espazo e mesmo cos mesmos erros pero cometidos en menos tempo; puxo en evidencia a necesidade de repensar organizativamente EU. Funcionabamos de facto como un partido clásico especialmente nos aspectos que sinalábamos na asemblea federal de IU dende o documento “Unha IU para un novo país”:

A participación externa, que se ben no aspecto de elaboración programática que antes citabamos foi moi exitosa; nas decisións políticas e organizativas foi inexistente; desdebuxamos as nosas asembleas e alonxamos delas gran parte das decisións políticas que se derivaron a outras estruturas xerarquizadas e pechadas. Ao final os órganos de dirección convertéronse en espazos onde medir as correlacións de forzas das diferentes posicións políticas existentes no noso seo en cada momento.

Estruturas políticas propias dun partido tradicional e xerarquizado, con ata catro niveis de decisión e que xeran unha morea de xuntanzas orgánicas para cada proceso político que se converte en “tritadora da enerxía de militantes e activistas” Incapacidade dos órganos en moitas ocasións de facer cumprir os acordos e repartir o traballo das tarefas políticas e organizativas decididas.

Desconexión entre estruturas existentes, en moitas ocasións froito da non transmisión de acordos, convertendo ás asembleas de base en meros espazos de seguimento do traballo institucional e os procesos internos

Esquerda Unida ten que romper con estas dinámicas de traballo, convertendo os órganos en verdadeiros instrumentos de traballo sistematizado e con vocación de exteriorizar na rúa os acordos.

Este documento, considera que os acordos para converter a EU en movemento político e social expresado no documento federal “Unha IU para un novo país” son esencialmente os precisos para conquistar colocar o proxecto de EU no que teorizamos fai máis de 25 anos: concibir a EU como parte dun bloque político e social, centrado na batalla social e cultural sen dependencias endémicas do electoral, feminizado, rexuvenecido e que faga do conflito social, da democracia interna e da ética as bases para construír unha alternativa socialista para Galicia.

Hai aínda eivas importantes pero avanzamos en procesos de participación máis ampla que a propia militancia afiliativa (abrindo os censos de simpatizantes ao debate político), instauramos os procesos de primarias e os referendos como ferramentas naturais; os revogatorios e a dación de contas dos cargos institucionais; etc... o que levabamos anos teorizando e poñendo nos nosos documentos pero nunca levando a práctica política.

Ademais, a recomposición do espazo da esquerda tense amosado como un espazo coral, onde por primeira vez existe vida organizada con amplos movementos sociais de todo tipo: mareas sectoriais, movementos veciñais para o conflito concreto, plataformas de solidariedade, etc... con espazos plurais como as candidaturas de unidade popular nos concellos, e espazos de esquerda que participan en estas e outros proxectos de unidade popular. Con todas as diverxencias EU ten que ser consciente de que non traballamos sos e que a construción da alternativa será plural, polo que a nosa proposta organizativa terá que ter en conta esa realidade. A idea de Esquerda Unida como “casa común” de todos os espazos é infantilista e levaría á frustración colectiva das nosas bases.

Nesa liña organizativamente teremos que reasignar os modelos da nosa cultura político-organizativa que levamos anos practicando: seguir ampliando comunicativamente o noso espazo: redes, primarias, comunicación, etc... As nosas listas electorais e especialmente as que configuremos para os espazos de converxencia non poden construírse nun órgano de dirección sen a participación das bases na súa ratificación; a nosa proposta programática non pode ser froito da redacción dun “grupo de notables” e ten que construírse con metodoloxías participativas efectivas. En definitiva abrir a organización, colectivizar a elaboración política, abrir á cidadanía as nosas sedes, etc... que non é máis que converter a Esquerda Unida nun verdadeiro movemento político e social coma vimos teorizando dende 1986.

Como sinala a tese política saída da nosa asemblea federal recoñecemos que este proceso de recomposición e refundación da esquerda transformadora, EU ten que abrirse como síntese superadora de novo a concepción orixinaria de EU como movemento político e social plural e participativo, espazo de encontro, debate e acción da diversidade política e social, cunha organización democrática radical, flexible, descentralizada e asemblearia, que ten á elaboración colectiva de programas e alternativas como factor de cohesión cos movementos sociais

O movemento político e social que queremos construír en Galicia ten que afondar igualmente nos principios e valores da esquerda transformadora, anticapitalista, feminista, socialista, ecoloxista, vinculada aos movementos emancipadores, na loita de clases, implicada nos conflitos sociais e na loita por superar as diferenzas sociais e os desequilibrios territoriais en Galicia. Para todo iso temos que afrontar unha serie de cambios organizativos que encaren unha nova Esquerda Unida:

- **DEMOCRACIA PARTICIPATIVA:** Que se converta en realidade na toma de decisións, na planificación política, na avaliación e fiscalización dos órganos, das súas e seus responsables e das persoas con representación pública.
- **ABRIR A ORGANIZACIÓN:** As persoas non afiliadas poden xogar un papel importante na organización; especialmente na súa aportación na acción política e nas loitas sociais, apostamos por xeralizar e coidar ao conxunto de simpatizantes para a nosa acción política.
- **NOVAS FORMAS DE MILITANCIA:** Facer máis flexible as formas de militancia, que cada militante, dependendo das súas capacidades, tempo ou obxectivos poida decidir onde e como militar en EU: activismo social, elaboración política, ámbito orgánico. Temos un enorme caudal de afiliación que por exemplo non quere ou non pode participar no orgánico pero faino no tecido social aportando moitas veces a experiencia e a proposta política de EU.

- **NECESIDADE DE FEMINIZACIÓN DOS ESPAZOS:** Esquerda Unida precisa da necesidade de acadar un maior nivel de feminización da organización, tanto a nivel cuantitativo con respecto ao número de militantes mulleres, como a nivel cualitativo, para acadar unha perspectiva de xénero real que atravesese todas as análises internas e intervencións nas diferentes fronteas. Por iso é importante que aseguremos dinámicas feministas e fomentemos espazos cómodos e respetuosos na intervención, libres de actitudes patriarcais. Tamén neste aspecto faise relevante a inclusión dun maior número de mulleres nos consellos políticos locais, comarcais e nacional para poder nutrir estes espazos internos de perspectiva de xénero e transversalizar a loita feminista.
- **ESTRUTURA ORGÁNICA AXEITADA:** Axeitar os órganos as súas funcións concretas, reducir o número de membros da Coordinadora Nacional e darlle máis peso as áreas de elaboración nel; simplificar as funcións das estruturas comarcais para evitar que sexan contrapoderes ás asembleas locais: órgano básico de militancia.
- **USO NOVAS TECNOLOXÍAS E MELLORA COMUNICATIVA:** Mellorar a presenza e contacto coas estruturas locais a través de ferramentas telemáticas: Fórmulas de videoconferencia que suplan a dispoñibilidade temporal das estruturas orgánicas superiores. Estender o uso das ferramentas participativas da UAR para o conxunto da militancia; potencialidades que permiten tanto participar na toma de decisións como ter á súa disposición de documentos orgánicos relevantes dende as súas contas de usuario da intranet da ferramenta ES LA HORA.
- **SACAR A NOSA MILITANCIA AO CONFLITO SOCIAL:** Non podemos volver á etapa de interiorización orgánica, do debate interno nas sedes sen retorno nas rúas. Converter as nosas bases en persoas axitadoras e activistas sociais no conflito concreto; temos unha militancia que ten capacidade, enxeño, formación política e recoñecemento social que temos que activar profusamente.
- **FOMENTAR ESPAZOS NON MIXTOS DE PARTICIPACIÓN:** o patriarcado, como parte estrutural do sistema no que vivimos introdúcese en todos os espazos, incluídos os espazos políticos e movementos sociais. Por iso e ligado cun dos puntos anteriores, faise necesaria a creación dun espazo non mixto de mulleres, como unha ferramenta que permita analizar e debater de forma cómoda as dinámicas patriarcais que se amosan nos espazos mixtos de militancia e debater sobre cuestións das fronteas feministas, para que posteriormente se tracen as liñas de intervención nas asembleas locais e comarcais de forma conxunta.

Trátase de mudar o xeito de facer política. Novas formas e metodoloxías que esixe que sigamos crecendo como organización, polo que debemos centrar parte do noso esforzo en campañas de afiliación que nos permita, por un lado, sacar a nosa organización á rúa, dar a coñecer a nosa postura política en problemas concretos; e ao mesmo tempo nos ofrezca a posibilidade de seguir aumentando en afiliación.

QUE TEMOS QUE MUDAR NO NOSO CORPUS NORMATIVO

Se ben é certo que dende a última asemblea federal o marco estatutario queda harmonizado cos estatutos federais, existen unha serie de principios reitores que na federación galega de IU temos artellado nestes anos e que veñen a corrixir erros importantes de funcionamento que regulaban os estatutos anteriores. Polo tanto dende este documento propoñemos os seguintes cambios estatutarios:

- Adecuar os principios reitores dos nosos estatutos aos expresados na Asemblea Federal de IU, incorporando o concepto de “democracia participativa”
- Redefinir o papel das estruturas comarcais para que non se convertan en suplantadoras dos espazos locais.
- Clarificar e simplificar os capítulos sancionadores e de expedientes disciplinarios para garantir ao máximo os dereitos e deberes da militancia.
- Incorporar os mecanismos de planificación e avaliación interna mediante plans de traballo para os órganos políticos (con carácter anual) e coxunturais para accións políticas, procesos electorais, campañas etc... os plans terán que ter cronoloxía, metas e seguimento e avaliación dos obxectivos.
- Xeneralización das consultas á militancia e consultas populares vinculantes. O seu resultado será orgánico e estatutario e será obrigatorio para acordos institucionais de goberno; procesos de confluencia e candidaturas plurais, etc...
- Rendición de contas dos cargos institucionais e seguimento estatutario das cartas financeiras podendo reclamar as actas aos cargos que non a cumbran.
- Conversión da estrutura orgánica de EU ao seguinte esquema:
 - ASEMBLEA NACIONAL: Convocarase cada catro anos igualmente para a elección do órgano político pero poderase convocar extraordinariamente para cuestións de transcendencia política que considere a organización.
 - COORDINADORA NACIONAL (Órgano político composto polos membros elixidos/as na asemblea nacional e un cupo comarcal ademais da persoa elixida por cada unha das áreas constituídas e unha persoa designada por cada partido, corrente e colectivo integrado en Esquerda Unida.
 - EXECUTIVA NACIONAL (Órgano executivo, reunirse a lo menos dúas veces ao mes e poderá tomar decisións pola súa urxencia pero que logo terán que ratificarse no órgano político na súa primeira reunión). Poderá ter máis competencias por expresa delegación do órgano político (así está aprobado a nivel federal).

UNHA ORGANIZACIÓN ÁXIL E RESOLUTIVA

Precisamos unha dirección áxil, que funcione unida en torno ás decisións cotiás e aplicando os plans de traballo aprobados, coordinando o traballo interno e incentivando o crecemento organizativo.

Precisamos un órgano político participativo, onde ademais das decisións encamiñadas ao futuro da organización, se poidan adoptar posicionamentos programáticos. Que poida combinar a representación territorial coa sectorial.

Precisamos acometer unha profunda mudanza na cultura e funcionamento dos nosos órganos. Reorientar as funcións e modelo das estruturas cara espazos para a coordinación, a organización do traballo e a definición de liña política, superando a concepción parlamentarista tan estendida na organización que relega a estes, no mellor dos casos, a meros foros de debate, e onde o papel dos seus membros se concibe dende unha posición pasiva e dissociada do desenvolvemento dos acordos do propio órgano.

A pertenza a un órgano debe de esixir tamén corresponsabilización na elaboración, execución e seguimento das decisións e propostas políticas emanada. Ligazón política que parta da asunción e responsabilización no concreto de tarefas e responsabilidades, non necesariamente nominais, a partir da apertura progresiva de espazos colectivos de traballo, en forma de comisións, grupos ou áreas de traballo, que reforcen a identidade colectiva do órgano e que engargen os ámbitos executivos e de dirección-coordinación de EU.

Precisamos tamén mellorar a comunicación interna e externa. Pulando para que a información da dirección e das localidades bula bidireccionalmente. Mellorar as canles comunicativas, mellorará tamén a relación da afiliación coas agrupacións e coa propia Esquerda Unida.

Para levar isto a acabo, debemos definir claramente as responsabilidades de cada secretaría. Precisamos unha verdadeira secretaría que se encargue de engarzar o noso traballo nos procesos municipais. Que sirva de nexo de unión do traballo das nosas concelleiras e concelleiros, pero tamén coma dinamizador das propias compañeiras e compañeiros de Esquerda Unida que, sen ser cargos públicos, traballan e colaboran nos distintos procesos municipalistas.

Neste período temos unhas eleccións municipais que serán moi importantes para o futuro de Esquerda Unida. A secretaría de confluencia e municipalismo debe ser man esquerda do secretario ou secretaria de organización nese proceso.

Precisamos unha área interna, dependente da secretaría de organización, que nucleee o traballo interno. Para fortalecer a organización precisamos mellorar e axilizar a comunicación interna, a renovación de órganos e sacarlle partido á nosa ferramenta UAR. Non só facilitando as novas altas de afiliación e simpatizantes, se non completando a cobertura de datos e empregándoos para mellorar o traballo en áreas e secretarías.

Incrementar a nosa participación en movementos sociais e a nosa presenza no conflito poderá mellorar plantexando a creación dunha secretaría que se ocupe de facilitar ese traballo nas localidades, facendo un seguimento global e asumindo a representación da organización se é preciso nas xuntanzas de plataformas e colectivos nos que participe Esquerda Unida.

TESE 5. ORGANIZACIÓN NO CONFLITO SOCIAL E A SÚA COMUNICACIÓN

Un dos piares fundacionais sobre os que se asenta Esquerda Unida como movemento político e social é a participación activa e o compromiso na reivindicación dos dereitos das clases populares e polo tanto, a presenza no conflito social e nos conflitos laborais.

Ante os ataques do sistema e a súa depredación de dereitos para situar á cidadanía no espazo da exclusión e a miseria, é necesario activar e organizar a resposta para, como organización, sermos efectivas no proceso da ruptura. A construción dun novo tecido social consciente, e a capacidade de intervir e ser conflito social debe ser unha prioridade desta organización.

A natureza dunha organización da “esquerda transformadora” non se mide (única nin exclusivamente) pola súa profundidade discursiva, nin sequera por unha proposta programática en maior ou menor medida avanzada. O elemento nuclear desta singularidade político-estratéxica radica na capacidade de inserción nos espazos de vida dos sectores populares, na incidencia nas súas ferramentas de mediación e encadramento social (sindicatos, asociacións veciñas, colectivos culturais, etc.), na disposición para organizar a estes suxeitos sociais que aspiramos a representar (e articular politicamente) a partir das súas realidades máis cotiás.

É por iso que o conflito, como expresión dos antagonismos de clase, e a mobilización, como ferramenta de loita da propia clase son os ámbitos naturais e principais nos que debe de proxectarse a organización. Porén a intervención social no conflito distou de centrar os debates e praxe diaria dos nosos órganos. Non basta con enunciar que queremos ser parte do conflito e a mobilización, senón dotarnos dunha estratexia que facilite a súa creación e extensión, á construción de tecido social, á vertebración de loitas, o que pasa ineludiblemente por por desprezar recursos políticos e organizativos cara esta tarefa.

Isto ven da man, en paralelo, de definirmos que papel corresponde a EU no conflito. Rachar coa idea de que as nosas funcións se limitan a labores de acompañamento e, ao sumo, de soporte comunicativo. Tarefas importantes pero insuficientes en tanto que seguen encadradas baixo lóxicas que sitúan a organización como un axente externo sen ningunha ligazón co conflito e os sectores populares que o sustentan. Se trata non de como situar en orixe a organización nunha ou outra mobilización concreta (é algo intrínseco e causal da nosa acción política), senón en que medida podemos contribuír a ao seu crecemento e sinerxias a partir do aproveitamento e organización dunha base militante que nun alto porcentaxe xa é parte de núcleos de conflito.

A participación debe ser unha ferramenta de construción, para elo dende Esquerda Unida dotámonos de ferramentas onde o traballo colectivo é referente para a análise da situación e para a proposta da alternativa.

1. As áreas de elaboración colectiva, representan un espazo de traballo sectorial aberto á participación. A súa función debe ser a de dotar polo miúdo á organización de proposta programática.

As áreas de elaboración colectiva debemos concibilas como espazos de análise, deliberación, elaboración e proposta, resultado dun coñecemento exhaustivo da propia

área de traballo, xa que a súa definición sectorial aglutina a aquelas persoas con coñecemento e inquedanzas na área concreta de traballo.

O traballo e coñecemento das áreas permite unha participación activa nos conflitos xerados no entorno á vez que se converte nun espazo de intercambio colectivo. A aportación do traballo destas áreas de cara a elaboración, é fundamental para trasladar a proposta, debatida, analizada e consensuala aos ámbitos de intervención.

Como espazos abertos á participación das persoas militantes ou simpatizantes que decidan contribuír e aportar co seu tempo e co seu traballo, deberán artellar o seu funcionamento dun xeito que se centren máis na eficacia e resolución que na burocratización do funcionamento. Sendo necesaria unha coordinación, esta debe ser flexible e capaz de adaptarse ás necesidades, avanzando na construción dun espazo que xire entorno ao conflito, á mobilización e á tensión social.

As áreas de elaboración colectiva, son un referente de traballo da nosa organización e deben desenvolver unha función propositiva pero tamén son o altofalante da mesma en canto á difusión de propostas tanto na institución como nos espazos nos que participan.

Unha das claves do funcionamento efectivo das áreas é o coñecemento como ferramenta da que debemos dotarnos para elaborar propostas políticas concretas e directas capaces de combater e mudar a deriva das políticas neoliberais alí onde intervimos. As áreas ademais de ser fundamentais para a elaboración política, son básicas para a formación e deben ser motor de mobilización dende os espazos de traballo e como coñecedoras do conflito.

As áreas de elaboración colectiva deben ter participación nos órganos de dirección tanto para dar traslado da execución dos seus plans de traballo como para contribuír co seu coñecemento ás propostas políticas que se leven a cabo, tanto no eido institucional como orgánico.

2. Asembleas de base. Son a estrutura máis próxima á militancia, e as que máis coñecen os conflitos locais e teñen a capacidade de incidir na realidade local. A asemblea de base, ademais de ser o espazo de elaboración e deliberación é onde se debe trazar a liña política da organización a nivel municipal.

A participación da militancia e simpatizantes nos espazos de confluencia, nos movementos sociais, nas asociacións de veciños, nos colectivos en loita, é fundamental para o coñecemento e deseño do mapa político e social do municipio en canto a loitas e necesidades. Este coñecemento permite a ordenación de prioridades e permite a elaboración dun discurso enfocado ás necesidades reais do propio municipio.

Estes espazos colectivos son imprescindibles para a transformación social. A participación para o seu fortalecemento e funcionamento permite facer unha análise e deseño da función que desenvolve a organización no relativo á translación de demandas e así como da incidencia política no discurso e na proposta.

É no ámbito local, onde as políticas que se aplican afectan directamente ás persoas e onde o sistema se atopa coas maiores contradicións. A confrontación sostida dende estes espazos

evidencia as contradicións do propio sistema e permite a elaboración dun discurso hexemónico onde a unidade se converte en elemento vertebrador.

Fortalecer as asembleas de base é tarefa obrigada para poder participar e incidir nese mapa de conflitos que condiciona e afecta á vida das persoas.

COMUNICACIÓN

Unha ferramenta fundamental para coordinar o traballo realizado e dar traslado dos posicionamentos da organización tanto no interno como no externo pasa por unha comunicación constante, fluída e directa coa militancia. Entendemos polo tanto a comunicación como unha ferramenta transversal a todas as responsabilidades propias da organización.

Os tempos políticos actuais veñen marcados pola inmediatez da información, o que implica que nós tamén debemos adaptarnos a esa inmediatez. A comunicación non só é imprescindible para manter a coherencia e a coordinación política de EU, si non tamén e sobre todo, daquelas persoas que ocupan espazos públicos e que se converten en altofalantes do espazo que representan a nivel das institucións e da vida pública.

É importante ter presente a función da comunicación no aspecto político do termo, xa que as iniciativas ou propostas elaboradas deben ser planificadas na súa proxección para que a súa difusión e impacto sexan efectivas. A comunicación sen planificación non é efectiva.

Comunicación interna

Actualmente existen múltiples canles e medios de información que supoñen unha ameaza na desinformación e condicionan a comunicación interna da organización. A fluidez da comunicación interna e a capacidade para dar traslado da información a todos os eidos organizativos é unha prioridade.

O coñecemento do que acontece en cada lugar do país no que temos representación institucional e onde non, é unha tarefa imprescindible para coordinar a acción política e comunicativa. E tamén poder coordinar o traslado de información á militancia sobre o traballo político realizado dende os nosos referentes nas institucións e que a meirande parte das veces está invisibilizado nos medios tradicionais.

Precisamos canles propias de comunicación, espazos nos que compartir traballo e propostas, repositorios tanto a nivel institucional como de áreas de elaboración colectiva. Precisamos crear unha rede de encontro onde propoñer, debater e compartir propostas, sobre todo entre os cargos públicos que son unha parte importante do traballo político de Esquerda Unida.

Non debemos esquecer que cada militante é un referente da organización, é un altofalante que chega a todos os lugares onde participamos, no conflito, no sindicato, nos movementos sociais, nas asociacións... de aí a importancia da comunicación interna como ferramenta esencial e garante do traslado e coñecemento tanto da acción política como dos posicionamentos orgánicos.

Comunicación externa

A comunicación externa é a carta de presentación da organización, unha ferramenta de difusión dos espazos dos que participamos e do proxecto que queremos para transformar a realidade.

Como dicíamos anteriormente, a inmediatez e a existencia de múltiples medios de información, condicionan inevitablemente a nosa maneira de comunicar esixindo un contido claro e contundente que permita trasladar a nosa mensaxe sen ambigüidades.

As prioridades informativas responden aos intereses partidarios que moitas veces acaban xerando e mudando a propia mensaxe. O poder dos medios e a utilización interesada da información é unha ferramenta máis do sistema, que fomenta para o seu beneficio, a crispación fronte á información, dando lugar á creación de espazos onde o contido político ocupa un lugar secundario en favor do espectáculo mediático.

Por todo isto a mensaxe e o discurso de Esquerda Unida cara o externo deben ser claros, contundentes e dirixidos a esa maioría social que vive no conflito, debemos trasladar ademais dun discurso de esquerda, os valores que esta defende. A ameaza do cambio, a consolidación de espazos de ruptura democrática e a vontade de que a esquerda sume para multiplicar supoñen un reto inasumible para o capital, que sen rubor pon a maquinaria a funcionar eliminando o debate político en beneficio da crispación e da desinformación. É por isto que a claridade, inmediatez e contundencia, no discurso, deben ser as nosas ferramentas para confrontar e gañar o espazo político que é o único que depende de nós.

A aposta de Esquerda Unida por formar parte dos espazos de confluencia e poñer os recursos políticos e organizativos ao servizo dos procesos de acumulación de forzas para a consolidación de espazos de ruptura e de unidade, provoca que existan dous planos comunicativos. Por unha parte o que atinxe ao espazo construído que na maior parte dos casos son a nosa representación institucional, e o outro da propia organización. Ambos son espazos propios e a comunicación debe reflectir o traballo realizado nos dous ámbitos, somos parte do proxecto e temos proxecto.

Non debemos esquecer que á hora de comunicar no externo, contamos con redes sociais que veñen a desempeñar unha función importante na difusión da mensaxe xa que son unha canle propia e directa que permite á organización difundir e interactuar con todas as persoas que así o desexan. Estas ferramentas permiten o contacto directo e sen intermediarios polo que o seu bo funcionamento é fundamental para trasladar o noso discurso.

É preciso o deseño dunha estratexia neste campo así como formación para toda a militancia, xa que coñecer o funcionamento das ferramentas permiten trasladar con eficiencia a información desexada.